



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Esta práctica enfócase na “Formación e Sensibilización” reforzando a cultura organizativa baseada na igualdade de trato e oportunidades.
	Entidade que a promove:
	Votorantim Cementos España, S.A
	Concello:
	Vigo, Pontevedra, España

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Votorantim Cementos identificou a necesidade de formar ao seu persoal en temas de igualdade de xénero e sensibilización, xa que existía unha falta de conciencia xeneralizada sobre a importancia de integrar a perspectiva de xénero en todas as áreas da empresa.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

A empresa implementou un plan de formación anual que inclúe cursos sobre igualdade de oportunidades, prexuizos conscientes e inconscientes, e prevención do acoso sexual. Estas formacións están dispoñibles para todo o cadro de persoal e intégranse na xornada laboral para facilitar a participación. Ademais, realízanse xornadas de sensibilización sobre diversidade e igualdade, dirixidas especialmente a mandos intermedios e responsables de selección.

RESULTADOS OBTIDOS

Como resultado destas iniciativas, houbo un aumento na conciencia sobre a igualdade de xénero entre as persoas empregadas. As avaliacións internas mostraron un maior compromiso coa igualdade e unha mellor comprensión dos prexuizos que poden afectar a toma de decisións. De igual forma, as formacións axudaron a reducir as barreiras de xénero en procesos clave como a selección e a promoción interna, contribuíndo a un ambiente de traballo máis equitativo.